



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

**RICARDO GARRIDO CANEDA, SECRETARIO INTERVENTOR DO CONCELLO DE VILASANTAR,**

## **CERTIFICO**

1.- Que no Pleno de organización do concello de Vilasantar, celebrado o día 26 de xuño de 2019, se tomou o seguinte acordo.

### **"7.-Proposta do alcalde sobre cargos con dedicación exclusiva (12' 50")**

*A continuación o Sr. alcalde realiza a seguinte proposta:*

*-Pola alcaldía proponse determinar que o cargo de Alcalde realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución total bruta de 36.500,00 euros/anuais, a pagar en catorce pagas, que representa unha paga líquida de 1.957,00 euros/mes. A corporación farase cargo das cotas empresariais á seguridade social que correspondan.*

*Publicar no BOP o presente acordo a efectos de xeral coñecemento dada a súa transcendencia*

*Propoñer a fixación dos seguintes retribucións ou asignacións a órganos colexiados: 70 euros por asistencia a Plenos, Comisión de contas e Xunta de goberno local e asignación a grupos políticos, 500 euros por grupo e 100 euros por concelleiro da corporación.*

*O alcalde le a proposta anterior, lembrando que xa no primeiro pleno da lexislatura anterior dixera que tiña pensado realizar naquela lexislatura unha suba do seu soldo, eliminando as dietas, e incrementar tamén a cantidade asignada por asistencia a órganos colexiados, se ben todo se mantivo igual durante eses catro anos.*

*Agora propoño que o alcalde pase a cobrar as cantidades que se din, e deixaría de cobrar as dietas por desprazamentos e comidas que vén pasando cada mes. Igualmente propón as retribucións por asistencia a sesións e a asignación a grupos municipais que se din.*

*O secretario interventor advirte que o orzamento está prorrogado neste momento polo que as subas serían efectivas coa aprobación do novo orzamento ou da modificación orzamentaria que fose mester.*

*O portavoz do BNG, José Manuel Cotos Seoane, manifesta que lle parece un aumento moi considerábel de soldo, que se acaban de subir os impostos e o primeiro que fai a corporación é subir o soldo do alcalde ata case chegar ao tope do que pode cobrar, engadindo que isto debería de telo levado no programa electoral. Remata*

---

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

---

*aclarando que na proposta non está incluída a seguridade social a cargo do concello e que así pasaría a case cincuenta mil euros*

*Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández que o tope para os concello da categoría de Vilasantar non son 39.000 euros senón 42.000 euros, orixinándose unha breve discusión con José A. Cotos sobre cal é a cantidade correcta.*

*En contestación ao consello sobre a campaña electoral alude a que lle parece que sería o mesmo que se el aconsellase sobre as obras realizadas polo portavoz do BNG na igrexa de Vilasantar. Que este pleno son as primeiras medidas que se toman porque é un pleno que xa vén fixado, non pode tomar outras medidas ata ter realizado este pleno de organización. Engade que el non se subiría ata o tope como dixo o portavoz do BNG, o que provoca outra breve discusión.*

*A continuación toma a palabra por unha segunda vez o portavoz do BNG José A. Cotos Seoane para concretar que le a igrexa de Vilasantar foi unicamente a traballar desinteresadamente, sendo alleo a tramitación administrativa da obra, orixinándose novamente unha breve discusión co alcalde e que non entende a que vén sacar isto neste debate.*

*Contesta o alcalde Fernando Pérez Fernández que incide no tema das obras na igrexa entendendo que o feito de colaborar desinteresadamente non lle exime de ter que coñecer a normativa, iniciándose unha nova discusión sobre a ver que ten máis mala hostia, o que os dous piden que conste en acta.*

*Intervén a continuación o concelleiro do BNG Álvaro García Freire indicando que a suba do soldo é do 25% e preguntando aos compañeiros do alcalde se lles parece normal esa suba, contestando o alcalde que xa se falara deste suba no primeiro pleno da lexislatura anterior e que a suba leva aparellada a medida de non pasar dietas por desprazamentos nin comidas.*

*Sometida a proposta á votación é aprobada na súa totalidade por 6 votos a favor (PP) e 2 en contra (BNG)."*

*E para que conste, expido o presente de orde e co visto e prace do alcalde, en Vilasantar, a 1 de marzo de 2021.*

Asdo.  
O Secretario Interventor,  
Ricardo Garrido Caneda.

V. e P.  
O Alcalde,  
Fernando Javier Pérez Fernández.